

DONA M.^a DEL CARMEN PIeltaIN FERNÁNDEZ, CONCELEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFIC O: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FERROL (EXPT.: AVH 04001 24/43) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024017923). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“INFORME-PROPOSTA:

A concelleira delegada especial de Política Social e Inclusión remitiu ao servizo de Contratación a solicitude de inicio do expediente de licitación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FERROL, acompañando a documentación preparatoria do expediente que foi completada en data 29.07.2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 116 e concordantes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), en relación á documentación integrante do expediente de contratación, constan incorporados ao expediente a providencia de incoación asinada pola concelleira delegada especial de Política Social e Inclusión en data 18.06.2024; a memoria xustificativa da necesidade do contrato asinada pola xefa de sección de Benestar, Igualdade e Xuventude en data 22.07.2024 na que se describe o obxecto do contrato e a súa idoneidade para o cumprimento dos fins institucionais propios xunto coa insuficiencia de medios propios que xustifican a súa contratación externa e os motivos para a non división en lotes do obxecto do contrato; o estudo económico dos custos do contrato elaborado por Into Consulting en data 18.07.2024; o documento xustificativo do desglose do orzamento do contrato e o informe de estabilidade orzamentaria asinados ambos pola xefa de sección do servizo promotor en datas 23.07.2024 e 12.07.2024, respectivamente; o informe xustificativo dos criterios de solvencia, criterios de adjudicación, condicións especiais de adjudicación e demais mencións propostas para este contrato asinado pola traballadora social municipal en data 23.07.2024 e pola xefa de sección do servizo xestor en data 24.07.2024 e o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola traballadora social municipal en data 24.07.2024 no que se contén a relación de persoal adscrito ao servizo facilitada pola actual prestadora en cumprimento do establecido no artigo 130 LCSP.

Incorpóranse ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas redactados para este contrato de data 30.07.2024 que xunto cos Pregos de Prescricións Técnicas de data 24.07.2024 rexerán a presente contratación.

O Servizo de Axuda no Fogar ten como obxecto a prestación dun conxunto de atencións ás persoas e/ou unidades de convivencia, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no su entorno habitual,

especialmente naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

O servizo comprende dúas modalidades:

- Libre concorrancia
- Dependencia

O referido servizo ten como obxectivos:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Facer posible que as persoas permanezan na súa contorna de convivencia.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio fogar.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relacións familiares e sociais.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Atrasar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Dende o departamento de Benestar Social xustifícase a necesidade de dar continuidade a este servizo esencial prestado polo Concello de Ferrol, en resposta a unha demanda real dun colectivo especialmente vulnerable para contribuir a paliar eventuais procesos de exclusión atendendo a un sector de poboación en situación de vulnerabilidade social cuxa demanda asistencial va en aumento.

Nos termos establecidos no artigo 29.4 LCSP, o presente contrato terá unha duración inicial de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas, cunha duración de un ano cada unha delas (2+1+1).

O orzamento máximo do contrato ascende á cantidade de 13.736.388,96 € (4% IVE incluído) para os dous anos de duración inicial, consonte o seguinte desglose:

Servizo de Axuda no Fogar	Orzamento máximo (IVE excluído)	4% IVE	Orzamento máximo (IVE engadido)	Total (IVE engadido)
Ano 1	Libre concorrancia: 675.170,88 €	27.006,84 €	702.177,72 €	6.868.194,48 €
	Dependencia: 5.928.862,27 €	237.154,49 €	6.166.016,76 €	
Ano 2	Libre concorrancia: 675.170,88 €	27.006,84 €	702.177,72 €	6.868.194,48 €
	Dependencia: 5.928.862,27 €	237.154,49 €	6.166.016,76 €	
Total 2 anos	13.208.066,30 €	528.322,66 €	13.736.388,96 €	13.736.388,96 €

O valor estimado do contrato, consonte o método de cálculo establecido no artigo 101 LCSP, tendo en conta a posibilidade de prórroga por outros dous anos e a modificación prevista de ata o 20 % do prezo inicial, ascende á cantidade de 29.057.745,86 € (13.208.066,30 € + 13.208.066,30 € + 2.641.613,26 €).

Establécese como tipo de licitación o prezo unitario hora de prestación do servizo:

- Base imponible: 23,94 €/hora
- Importe IVA: 0,96 €
- Total: 24,90 €/hora

O gasto derivado da presente contratación imputarase á aplicación orzamentaria 04001-2310-22799 na que existe crédito para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación no exercicio 2024 (RC nº 224104358), debendo consignarse crédito adecuado e suficiente nas vindeiras anualidades. Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, consonte o previstos nos artigos 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 (TRLFL) e 79.2 do Real decreto 500/90, de 2 de abril, a autorización e o compromiso dos gastos se subordinarán ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, polo que a adxudicación do contrato quedará condicionada, no que se refire ás anualidades e exercicios futuros, a inclusión en cada un dos orzamentos da correspondente consignación adecuada e suficiente.

Tendo en conta as características do contrato o procedemento a seguir para a súa adxudicación será o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios obxectivos e subxectivos de adxudicación e tramitación ordinaria, consonte o disposto nos artigos 22.1 letra c), 131, 156 a 158, 145 e 146 LCSP.

Nos termos sinalados no artigo 44 LCSP e cláusula 54 do Prego de Cláusulas Administrativas, o presente contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación. O órgano competente para coñecer do recurso especial será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con dirección electrónica: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>

Segundo establece o artigo 117 LCSP, unha vez completado o expediente de contratación, dictarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do proceso de adxudicación.. A competencia para a aprobación do presente expediente correspóndelle a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2 apartado 4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP no 241 de 20.12.2023).

A aprobación do expediente irá precedida dos **informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais consonte o sinalado na DA 3ª da LCSP, apartados 3 e 8.**

Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e DA 2ª e 3ª.2, unha vez emitidos os preceptivos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais, propónse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación a elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas de data 30.07.2024 e de Prescricións Técnicas de data 24.07.2024 que rexerán a contratación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FERROL e outorgarlle o seguinte número de expediente AVH 04001 24/43.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 13.736.388,96 € (4% IVE incluído (4 % IVE incluído) e imputalo á aplicación 04001-2310-22799 do orzamento municipal consonte o seguinte desglose estimado de gasto:

ANUALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
2024	373.500,00 €	04001-2310-22799
2025	6.868.194,48 €	
2026	6.494.694,48 €	

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 LCSP, suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente.

Non obstante, vostede decidirá o que considere máis oportuno para o interese xeral.

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital

*A xefa de servizo de Contratación,
Ana Elisa Quindós Lindín*

Visto o informe proposta transcrito e a documentación que o acompaña, **ELÉVESE A PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE